



O mapa de Fontán e a literatura galega



Imos analizar as “conexións” entre o mapa de Fontán e a literatura galega a partir dunha reportaxe do escritor Suso de Toro publicada no suplemento “Luces” do xornal El País o 1 de abril de 2011. Pódela atopar aquí:

http://elpais.com/diario/2011/04/01/galicia/1301653104_850215.html

Antes de comezar... Que é unha reportaxe?

1. Como xa sabes a reportaxe é un xénero xornalístico. Como a definirías?
2. É un xénero ligado á realidade inmediata? Xustifica a resposta
3. O autor da reportaxe, o compostelán Suso de Toro, é un coñecido escritor galego. Consulta a ficha deste escritor na BVG (Biblioteca Virtual Galega) e indica cales das seguintes obras foron escrita por el. ¹ Investiga quen son os autores das outras obras e completa o cadro:

OBRA	AUTOR
<i>Herba moura</i>	
<i>O lapis do carpinteiro</i>	
<i>Calzados Lola</i>	
<i>Morgún</i>	
<i>Trece badaladas</i>	

Lendo o texto

1. A reportaxe menciona tres escritores galegos que manifestaron a influencia que o mapa de Fontán tivo neles. Cales son os nomes destes tres escritores?
2. Fontán é descrito por Suso de Toro coma “un humanista”. Explica o significado desta palabra e os motivos de que o autor da reportaxe a elixa para cualificar ao autor do mapa.
3. Como se chamaba o principal mestre de Fontán? Cales foron as súas principais realizacións científicas? Que cátedras ocuparon o mestre e o discípulo?
4. Cal foi a tarefa que recibiu Fontán do seu mestre?

¹ <http://bvg.udc.es/>

5. Explica coas túas palabras esta afirmación do texto: “Un traballo de tal envergadura que tiña de ser realizado por un só individuo obrigouno a ir pouco e pouco e dun xeito moi doméstico”.
6. Que pintor real retratou a Fontán? Que é o que sostén o pontevedrés na man do retrato?
7. Suso de Toro escribe “Posteriormente, en 1860, trázase a liña do primeiro camiño de ferro entre Santiago e Carril e o enxeñeiro Tomás Rumbal reconece que é "sacado del excelente mapa de Galicia hecho por el distinguido señor Don Domingo Fontán".” Escribe un texto dunhas oito liñas no que reflexiones sobre a importancia do tren na Galicia daquela época.
8. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas
 - a) Domingo Fontán naceu no concello de Portas, en Ourense.
 - b) Castelao lembrou na súa novela *Arredor de si* o mapa de Fontán.
 - c) Otero Pedrayo lembraba como tropezara un día co mapa nos corredores do instituto en Lugo.
 - d) Fontán foi convidado polo tzar de Rusia para traballar como astrónomo.
 - e) Fontán foi secretario da Deputación Provincial de Galicia en 1820.

O mapa e a literatura

-”Non á dereita, á esquerda, un pouco ao norte”. A vela alumou longamente un nome e o sitio de Compostela. Adrián lía nomes de montes, de ríos, de pobiños, de ermidas. A luz ía seguindo o trazado dos camiños.

Naqueles instantes estraños e fondos figuraban lucir no mapa agras marelas de centeo, ermos vestidos de flores de toxo e de piorno, serras penedosas, campanarios barrocos, xente que vai polos carreiros aos muíños e ás feiras, verdeceres de camposantos, fuxir de augas, praias dourada, galgar de ondas nos cons, velas que saen roselando o mar, orballeiras sobre as arboredas mestas, rúas de vellas cidades, soidades de esquecidos mosteiros.

Adrián sentíase conmovido ata o máis fondo do seu ser. Tremándolle a man foi alumado todo o camiño de Santiago, a terra de Ourense, as dúas aldeíñas xemeas do val onde eles estaban, parou un instante como un cirio funeral no nome do pobiño no que morría D. Bernaldo e logo foi recorrendo todo o debuxo das fronteiras e costas da Galicia.”

RAMÓN OTERO PEDRAYO: *Arredor de si*

1. Suso de Toro menciona o destacado papel que o mapa de Fontán ten na evolución de Adrian Solovio, o personaxe central de *Arredor de si* a novela de Ramón Otero Pedrayo que retrata a súa xeración. Cal é esta xeración? En que ano se escribiu a novela?
2. Por que se sentía conmovido Adrián Solovio? Xustifica a resposta e relaciona o texto co contido da novela e a viaxe interior do protagonista principal.
3. Unha das características do estilo narrativo de Otero Pedrayo é o uso das enumeracións. Hai algunha no texto?
4. Que clases de palabras predominan no texto? Cres que isto obedece a unha intención do autor? De ser así, cal pensas que é?

Investigamos máis e realizamos actividade de educación documental

1. Localiza San Sadurniño no mapa de Fontán (en realidade este é o seu nome popular xa que el bautizouno como *Carta geométrica de Galicia*) na biblioteca dixital Galiciana².
2. Busca no catálogo da nosa biblioteca tres obras de Suso de Toro e tres de Ramón Otero Pedrayo.
3. Busca información na rede e completa o seguinte cadro sobre a obra de Otero Pedrayo.

ENSAIO	NARRATIVA	POESÍA	TEATRO

4. Localiza no Arquivo Sonoro de Galicia unha gravación da voz de Otero Pedrayo.
5. Que novela publicada por Suso de Toro no ano 2002 e Premio Nacional de Narrativa de 2003 foi adaptada ao cine? Localiza no catálogo da biblioteca o libro e a versión cinematográfica.

2 <http://galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/gl/estaticos/contenido.cmd?pagina=estaticos/presentacion>

Agora escribimos nós

Redacta unha entrada para un blog sobre a importancia do mapa de Fontán na literatura galega a partir dos dous textos que vimos de ler e as actividades realizadas.

Recursos na rede

Arquivo Sonoro de Galicia

<http://www.consellodacultura.org/arquivos/asg/index.php>

Asociación de Escritores en Lingua Galega

<http://www.aelg.org/>

Biblioteca Virtual Galega

<http://www.bvg.udc.es/index.jsp>

Biblioteca Dixital de Galicia Galiciana

<http://galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/gl/estaticos/contenido.cmd?pagina=estaticos/presentacion>

Fundación Otero Pedrayo

<http://fundacionoteroedrayo.org/>